

PROVIDENCIA DE INICIO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E INSUFICIENCIA DE MEDIOS.

Á vista da necesidade por tratarse dun fin institucional propio do Concello de contratar a **xestión das actividades extra escolares deportivas para o ano 2020-2021**, con posibilidade de prórroga para o ano 2021-2022, iniciase o expediente de contratación, ao que deberá incorporarse a documentación prevista no artigo 116 do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

A necesidade que se trata de satisfacer é a impartición das actividades extra escolares de carácter deportivo que tradicionalmente se realizan polo Concello ao carecer o mesmo de medios persoais.

Vista a insuficiencia de medios persoais para a prestación de servizos das escolas deportivas comprendidos polas seguintes actividades:

- Predeporte, patinaxe, judo, ximnasia rítmica, tenis, hockey, fútbol sala, ioga, e competicións.

Considerarase como procedemento máis axeitado para a súa adxudicación o procedemento aberto previsto no artigo 156 da LCSP, segundo a previsión de horas asinada polo técnico municipal José Manuel Trigo Romero de: 1.090,50 horas, distribuídas do seguinte xeito:

- Predeporte: 64 horas.
- Patinaxe: 390 horas.
- Judo: 112 horas.
- Ximnasia rítmica: 66 horas.
- Tenis: 32 horas.
- Hockey: 65 horas.
- Fútbol sala: 66 horas.
- Ioga: 270,50 horas.
- Competicións: 25 horas.

Se establece un prezo de 24,30 euros/hora, sen IVE, de prestación do servizo que se considera axeitado ao prezo de mercado, o que fai un total de: 26.499,15 euros/ano, sen IVE, sendo o valor estimado do contrato (prezo sen IVE máis o importe da posible prórroga) de: 52.998,30 euros, sen IVE. O orzamento base de licitación é de: 32.063,97 euros, IVE incluído, por un ano de duración do contrato.

Consonte á Disposición Adicional segunda da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares deberá ser informado pola secretaría e pola intervención con carácter previo á súa aprobación, polo que **DISPOÑO:**

1º) Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de servizos das escolas deportivas do Concello de Brión 2020-2021, por procedemento aberto previsto no art. 156 da LCSP con varios criterios de adxudicación.

2º) Que se incorporen ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

3º) Que se incorporen ao expediente os preceptivos informes xurídicos de secretaría, fiscalización do gasto e certificado de existencia de crédito de intervención.

4º) Completo o expediente déase conta a esta alcaldía para a adopción da resolución que proceda.

O alcalde. Asinado electronicamente. José Luis García García.